

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería da Presidencia

Orde do 1 de abril de 1986, pola que se establece o procedemento para inscibir as empresas de radiodifusión no Rexistro de empresas radiodifusoras en Galicia, da Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social.

O Decreto 52/1986, do 6 de marzo, creou no seu artigo cuarto, dependendo da Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social, o Rexistro de empresas radiodifusoras en Galicia, para inscibir nel, necesariamente, tódalas empresas que exploten este servizo público, as concesións outorgadas e cantos feitos ou negocios xurídicos afecten tanto ás empresas coma á concesión dos mesmos.

Na disposición final segunda do mencionado Decreto, facúltase á Consellería da Presidencia para dictar as normas necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1.º—O Rexistro de empresas radiodifusoras en Galicia ten como finalidade a inscrición de tódalas empresas que exploten este servizo público dentro da Comunidade, as concesións outorgadas e cantos feitos e negocios xurídicos afecten tanto ás empresas coma á concesión dos mesmos.

Artigo 2.º—Para o exercicio das súas actividades as empresas ás que se refire o artigo anterior terán que se inscibir no Rexistro de empresas radiodifusoras en Galicia, que funcionará dependendo da Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social da Consellería da Presidencia.

Artigo 3.º—Para os efectos da inscrición, e de conformidade co establecido no artigo primeiro desta Orde, as entidades titulares, en función da concesión outorgada do servizo público de radiodifusión, clasifícanse en:

- Comerciais
- Institucionais
- Calquera outra que sexa obxecto de ordenación.

Á súa vez, as emisoras clasifícanse en:

- Emisoras de ondas métricas con modulación de frecuencia.
- Emisoras de ondas métricas (hectométricas)
- Emisoras de ondas curtas (decamétricas)
- Emisoras de ondas longas (quilométricas)
- Calquera outra que sexa obxecto de regulamentación futura.

Artigo 4.º—1. O expediente de inscrición iníciase a solicitude da empresa interesada, mediante instancia formulada por persoa autorizada legalmente e dirixida ó Director Xeral de Medios de Comunicación Social. A instancia, acompañada dos documentos necesarios, presentárase no rexistro xeral da Consellería da Presi-

dencia, ou remitírase por calquera outro dos medios previstos na Lei de Procedemento Administrativo.

2.—As instancias formularanse de acordo co modelo que se inserta no anexo.

Artigo 5.º—Cando se trate de persoas naturais, á instancia indicada no artigo anterior uniranse os seguintes documentos:

a) Copia simple do documento nacional de identidade do solicitante.

b) Declaración que inclúa o nome e apelidos do director da emisora e de quen o substitúa en caso de ausencia, enfermidade ou vacante, así como copia simple do documento nacional de identidade de ambos.

c) Horario de emisión e cadea á que, no seu caso, pertence.

Artigo 6.º—Cando se trate de persoas xurídicas, á instancia de inscrición uniranse os seguintes documentos:

a) Declaración que inclúa o nome e apelidos do director da emisora e de quen o substitúa en caso de ausencia, enfermidade ou vacante, así como copia simple do documento nacional de identidade de ambos.

b) Horario de emisión e cadea á que, no seu caso, pertence.

c) Certificación que faga fe, no seu caso, do capital subscrito e do desembolso, na que se conteña a relación nominal dos accionistas, expresando a súa nacionalidade e o número de accións das que son titulares.

d) Para as emisoras institucionais ou propiedade de corporacións públicas ou outras entidades de carácter non mercantil, na certificación terá que constar a identidade das persoas que por razón do seu cargo representan a aquelas.

Artigo 7.º—1. Recibida a instancia cos documentos que se xuntan a ela, de acordo co disposto nos artigos anteriores, a Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social tramitará o correspondente expediente de inscrición, no prazo de trinta días, e poderán esixirse ou practicarse as comprobacións que se consideren pertinentes.

2.—No caso de que a inscrición non se puidese practicar por insuficiencia dos datos achegados, requirírase ó interesado para que os complete no prazo de dez días.

3.—Rematado o expediente, o Director Xeral de Medios de Comunicación Social ordenará a inscrición no prazo de quince días.

Artigo 8.º—Unha vez practicada a primeira inscrición, calquera acto ou feito que supoña modificación dalgunha das circunstancias que foron obxecto de inscrición, deberá facerse constar no Rexistro no prazo máximo de un mes, contado a partir do momento no que se produza. En tal suposto, solicitarase a correspondente inscrición mediante instancia dirixida ó Director Xeral de Medios de Comunicación Social,

acompañada da documentación necesaria para acreditarlo.

Artigo 9.º—Non procederá a primeira e sucesivas inscricións:

a) Cando non sexan facilitados tódolos datos que, en cada caso, teñan que ser obxecto de inscrición, segundo o disposto nos artigos quinto e sexto desta Orde, ou cando eses datos non sexan exactos.

b) Cando o funcionamento da emisora non estea axustado a dereito.

Artigo 10.º—O cesamento definitivo por parte da empresa na actividade que deu lugar á inscrición será, en todo caso, causa de cancelación da mesma.

Artigo 11.º—As cancelacións serán practicadas polo encargado do Rexistro no mesmo asento de inscrición, e expresaranse a data na que se produciu e a causa determinante.

Artigo 12.º—O Rexistro, con competencia no ámbito da Comunidade Autónoma galega, terá carácter público.

As certificacións expedidas polo encargado do Rexistro serán o único medio de acreditar de xeito que faga fe o contido dos asentos do Rexistro.

Artigo 13.º—1. No Rexistro de empresas radiodifusoras levarase un libro de inscrición dividido en seccións correspondentes á clasificación establecida no artigo terceiro.

2.—Ademais, utilizaranse os libros auxiliares, arquivos, cadernos e mazos que se consideren convenientes para o bo funcionamento do Rexistro.

Artigo 14.º—Na sección correspondente do libro de inscricións abríranse folios independentes para cada empresa radiodifusora. Na primeira inscrición que se practique faranse constar, ademais dos datos que figuren na concesión e na escritura pública de constitución da sociedade, as circunstancias especificadas nos apartados a), b) e c) do artigo quinto e a), b), c) e d) do artigo sexto desta Orde.

Artigo 15.º—Os libros de rexistro levarán a correspondente dilixencia de apertura, asinada polo Director Xeral de Medios de Comunicación Social, con expresión dos folios que conteñen que estarán numerados e selados.

Artigo 16.º—Contra as resolucións dictadas ó amparo do establecido nesta Orde poderán interpoñerse os recursos previstos na Lei de Procedemento Administrativo.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.—1. Unha vez que a Administración central dea traslado á Comunidade Autónoma galega das inscricións practicadas no Rexistro daquela con anterioridade á creación do Rexistro desta Comunidade, no referente ás empresas radiodifusoras domiciliadas no territorio galego, as citadas inscricións serán asentadas de oficio no Rexistro de empresas de radiodifusión en Galicia.

2.—En canto ás inscricións de empresas que, aínda que non domiciliadas no territorio galego, exerzan ou pretendan exercer tamén as súas actividades en Galicia, unha vez que se produza o mencionado traslado por parte da Administración central, serán anotadas no Rexistro da Comunidade.

Segunda.—A primeira inscrición e as subseguintes que sexan obrigatorias conforme ó preceptuado nesta Orde serán requisitos de obrigado cumprimento para a percepción de calquera subvención ou axuda que convoque ou conceda a Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 1986.

Xosé Luis Barreiro Rivas
Conseilleiro da Presidencia